



Concello de Laxe

Dunha parte D. José Luís Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe e, en representación da Escola Municipal de Teatro dependente deste, con CIF P-1504100-G.

E doutra D./Dña. _____ con
DNI _____, alumno/a da Escola Municipal de Teatro de Laxe,

EXPOÑEN:

Que ao longo do curso da *Escola Municipal de Teatro* deste concello, realizaranse gravacións en video e fotografías das actuacións que os/as alumnos/as representen tanto no noso concello coma noutros lugares.

Que **estas gravacións e fotografías poderán ser empregadas en cartelería, webs e redes sociais dependentes do Concello de Laxe, así como para a realización de reportaxes, artigos, notas de prensa e documentos que difundan e den publicidade ás actividades relacionadas coa *Escola de Teatro Municipal*.**

Que estas imaxes e audios serán sempre empregadas sen fins de lucro por parte do Concello de Laxe e pasarán a formar parte do seu arquivo dixital dende o momento da súa realización.

Que o/a alumno/a concede á *Escola Municipal de Teatro* o dereito a gravar e utilizar a súa imaxe, así como a súa silueta e outras reproducións do seu aspecto físico. Que, así mesmo, concede á mencionada *escola* o dereito a reproducir a súa voz e todos os efectos sonoros derivados da mesma.

Que o/a alumno/a renuncia a calquera tipo de recompensa económica ou doutra natureza pola súa aparición nas fotografías e gravacións mencionadas.

A vixencia deste acordo de cesión de dereitos de imaxe dará comezo na data en que se asine o presente documento e non terá data de caducidade.

Ambas partes certifican que, lido o anterior, comprenden enteiramente o seu significado e amosan o seu acordo e conformidade co mesmo.

E para que así conste aos efectos oportunos firman o presente escrito, no lugar e data indicados.

En Laxe, a ____ de outubro de 2019

O alcalde

Asdo. O/a alumno/a

José Luís Pérez Añón
